



Concello de Oleiros

PUNTO VIOLETA DO CONCELLO DE OLEIROS

Ponte...

A PROBA!

Pensa nos teus encontros sexuais, colle un boli e responde...

	SI	NON
1. Falas coa outra persoa antes de comezar a práctica sexual?	☐	☐
2. Centras o encontro sexual arredor do que a ti che gusta?	☐	☐
3. Interésaste por saber o que quere ou lle gusta á outra persoa?	☐	☐
4. Consensúas pautas ou límites para o encontro sexual?	☐	☐
5. Adoitas respectar todos os límites marcados ou o que a outra persoa che di que non lle gusta?	☐	☐
6. Insísteslle á outra persoa para romper con algún límite ou facer algo que che dixo que non quería facer?	☐	☐
7. Recibiches un non e persuadiches ou intentaches facer cambiar de opinión á outra persoa?	☐	☐
8. Pensaches que un non puido significar que se estivese a facer de 'rogar' ou 'respectar' e seguiches adiante?	☐	☐
9. Empregaches a chantaxe emocional ou insistícheslle á outra persoa para realizar algunha práctica?	☐	☐
10. Alguén trasladouche que non lle gustaba ou non quería realizar algunha práctica e decidiches facela igual porque che gustaba a ti?	☐	☐
11. Aproveitaches nalgún momento que a outra persoa estivera baixo os efectos do alcol ou outras drogas para ter relacións sexuais con outra persoa?	☐	☐

O resultado, na seguinte páxina...



Se respondiches **SI** ás preguntas **1, 3, 4 e 5** ... **es moi CRACK!** 🙌
Segue así: consciente cos dereitos sexuais e co consentimento!
♥️♥️♥️♥️♥️♥️♥️♥️



Se respondiches **SI** á pregunta **2** ou a calquera da **6 á 11**... cómpre parar un momento, porque **NON HOUBO CONSENTIMENTO**. E cando non hai consentimento, falamos dunha **AGRESIÓN**. **Pero agarda!** Non te poñas á defensiva, respira e sigue lendo...

A ver... todas e todos – mesmo quen está a escribir isto– vivimos algunha situación na que un “malentendido” ou “fallo de comunicación” fixo que un encontro sexual confuso, incómodo ou directamente indesexable. Vale.

Asumámolo, pero cambiémolo.

Por onde comezamos?

Aprender a relacionarnos sexualmente tamén significa aprender a comunicarnos con claridade e respecto. Frases como “non quero”, “non me apetece”, “así non”, “mellor outro día”..., significan

N-O-N. O **consentimento é a base sobre a que construír relacións sexuais sas, libres e igualitarias**, na que todas as persoas se sintan cómodas, seguras e respectadas.

Queres saber máis?

Podes atopar recursos, información e formación sobre dereitos sexuais a través de canles como o Instituto das Mulleres ou os CIM (Centros de Información ás Mulleres), así como no apartado de Igualdade da páxina web do Concello de Oleiros (podes acceder a través do código QR que tes ao final deste mesmo folleto).

E tamén podes atopar contidos en redes sociais, filmes, series, podcast etc., que che axudarán a reflexionar e seguir aprendendo.

De nada!

